



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE DE NOVEMBRO DE 2013, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros:	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D ^a . MARGARITA DEVESA CARDELLE
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
	D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
	D. JORGE CERDEIRA LOURO
	D ^a . BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
Escusa asistencia:	D ^a . LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
Secretario:	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte de novembro de dous mil trece, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (23/10/2013).

Dáse conta da acta da sesión celebrada o vinte e tres de outubro do ano que andamos.

O Sr. Cobas do PSdG-PSOE solicita que se modifique a súa intervención no apartado de rogos e preguntas, e que quede redactado do seguinte xeito “...se o Sr. Alcalde se compromete publicamente aquí a traer no vindeiro pleno unha ordenanza onde os veciños de Vedra que queiran engancharse ao saneamento, abastecemento de auga, e telefonía fixa, ou calquera outro tipo de obra semipública coa brigada municipal a este prezo, 5.11 euros/metro lineal, IVE incluído”.

Tamén e a pedimento do Sr. Cobas inclúese no punto 6º de contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores, o informe do Sr. Secretario, que di o seguinte:

“O Servizo de telefonía é un servizo semipúblico importante en determinadas situacións e un servizo impropio no que afecta ao Concello, como outros nos que de todos os xeitos interveñen as administracións locais. Normalmente calquera actuación municipal, sobre todo si afecta a terceiros, leva consigo o respectivo expediente para o efecto e dise “normalmente” non sempre.

Neste caso que nos ocupa e segundo o relato do acontecido, tal vez fose axeitado deixar constancia escrita da parte das actuacións, aínda que é ben sabido a



actitude de certas compañías que prestan servizos case públicos, á hora de realizar prestacións que non lles resulten lucrativas, sexan de telefonía, eléctricas e demais; polo cal o seu criterio aínda que non conste por escrito é o que vén sendo habitual.

Por outra banda, a actuación discorre por unha vía pública e a súa instalación está en disposición de beneficiar a máis dun usuario ou vivenda.

Certamente, e coas distintas disposicións que o Goberno Estatal ditou en canto ás restricións de todo tipo para a administración local, estas actuacións non son dende logo as prioritarias, pero tampouco o son todas aquelas nas que dunha ou outra forma interveñen os concellos e son impropias; é unha situación de feito que vén de atrás e difícil desprenderse dela, precisamente pola situación de crise actual dado que a local é a administración máis inmediata.

Conclusión: Á vista dos feitos o informante considera o realizado como unha actuación normal, dentro de competencias que son impropias, non obstante tamén considera que puidese existir unha inadecuación ao procedemento, se ben non invalida a actuación, e que se este precedente se repite, debería, no seu caso, seguir un procedemento máis axeitado.”

Sométese a votación a acta coas modificacións propostas e apróbase por unanimidade dos asistentes.

2º.- Acordo, se procede, sobre moción do BNG para eliminar o copagamento de medicamentos a persoas doentes crónicas non hospitalizadas na sanidade pública.

Dáse conta da moción presentada polo BNG na que se expón que o pasado mes de setembro o goberno do Estado estableceu unha modificación nas condicións de financiamento de medicamentos incluídos na prestación farmacéutica do sistema estatal de saúde para que as persoas doentes crónicas non hospitalizadas teñan que achegar unha cantidade para sufragar o gastos da medicinas.

Con esta resolución o goberno fixa un novo copagamento para os medicamentos e supón un novo imposto á enfermidade, xa que dende o 1 de outubro 42 medicamentos de despesa hospitalaria a persoas doentes crónicas con doenzas graves deixarán de ser dispensadas sen custo, polo que haberá que pagar o 10% deste ata o límite de 4,20 euros, agás aquelas que estiveren exentas.

Dado que se está a falar de persoas pacientes, na maioría dos casos con varias medicacións ao mesmo tempo, para as cales este novo pago supón unha carga importante na súa economía, o grupo municipal do BNG solicítalle ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

1º.- Instar á Xunta de Galicia a que demande a derogación da resolución do 10 de setembro de 2013, do Goberno do Estado, pola que se establece un novo copagamento para medicamentos que se dispensan a través das farmacias hospitalarias a persoas doentes crónicas non hospitalizadas.

2º.- Instar á Xunta de Galicia a que non aplique esta resolución no noso país.

3º.- Trasladar este acordo ao Presidente da Xunta de Galicia e ao Presidente do Goberno do Estado.

4º.- Que o concello cree unha ordenanza que permita o financiamento do copago dos medicamentos hospitalarios a aquelas familias sen recursos que o necesiten.



O Sr. Pose do BNG expón que sobre deste tema hai dous puntos importantes; o primeiro que existen autonomías do PP que nun momento dado se negaron a aplicar o copagamento, e independentemente de se uns pagan e outros non, a realidade é que os doentes que necesitan deste tipo de fármacos (hepatite, tumores,etc) son persoas que están con varios tratamentos simultáneos, e que é unha triste pena chegar a estes extremos e ter que discutir isto neste pleno; polo que se solicita que tendo en conta que existen autonomías gobernadas polo PP, que decidiron non aplicar este copagamento e concellos gobernados polo PSdG-PSOE e BNG que crearon ordenanzas para asumir estes gastos, que son ridículos, que se inste á Xunta de Galicia para que mude de parecer e que faga o mesmo que fan outros compañeiros e que non aplique esta resolución. E no que se refire ao noso concello, que se cree unha ordenanza para que dalgún xeito aquelas familias que teñen problemas e o necesitan, o concello asuma os gastos, dándolle igual que se cree unha ordenanza nova ou ben se modifique unha que xa existe

O Sr. Lema do PP anuncia a abstención do seu grupo, porque se trata dunha moción cun carácter marcadamente político, partidario, e entenden que non é razón de levala aquí adiante.

Expón que unha das razóns pola que se van abster é porque se trata dunha norma nova, básica do Estado, e dende logo non van instar á Xunta de Galicia a que adopte unha situación de ilegalidade, pasando de seguido a explicar o funcionamento do Sistema Nacional de Saúde, dependendo de cada situación: os medicamentos que se reciben no hospital cando se está ingresado que son totalmente gratuítos; a medicación que se receita tanto polos médicos de atención primaria como por especialistas tanto de ambulatorio ou de hospital, que se recollen nas oficinas de farmacia e que teñen un tratamento distinto dependendo da situación do doente (pensionistas, persoas en activo, parados ...), e os medicamentos para enfermidades crónicas, os chamados “de punto negro”, que teñen unha achega para as persoas en activo, do 10% do seu valor ata un máximo de 4,20 euros.

Sinala tamén que existe un grupo de enfermidades crónicas que pola razón de que os medicamentos, por unha especial circunstancia non se dispensan a través de oficinas de farmacia habituais, só nas farmacias hospitalarias, e ata o de agora aplicábaselle o criterio de gratuidade como se fosen doentes hospitalizados, pero realmente non o son, polo que se establecía unha iniquidade entre os doentes crónicos e que reciben os seus fármacos a través das oficinas de farmacia, e os que a reciben a través das farmacias hospitalarias; polo que a partir de agora se establece o mesmo tratamento para os enfermos crónicos, un copagamento do 10% do seu valor ata un máximo de 4,20 euros.

Di ademais, que o seu grupo no tema da ordenanza municipal non o ve claro, ao tratarse dunha competencia impropia do concello, o que si van propoñer é modificar a actual ordenanza de axudas de emerxencia social, para que ningún veciño de Vedra con dificultades económicas para facer fronte ao copagamento destes medicamentos, os servizos sociais do concello asuman ese gasto, polo que propón modificar o punto 4º da ordenanza, do seguinte xeito:

“4º.- Que o concello adapte a actual ordenanza que regula as axudas de emerxencia social a esta tipoloxía destas axudas que permita o financiamento do copago dos medicamentos hospitalarios a aquelas familias sen recursos que o necesiten”



O Sr. Pose dille ao Sr. Lema que efectivamente a política é un feito partidario, e que lle sorprende a consideración de que as Autonomías que non apliquen este copagamento estean cometendo unha ilegalidade.

Sinala tamén, que efectivamente como dixo o voceiro do Grupo PP son medicamentos moi especiais, tan especiais que non se dispensan en oficinas de farmacia, e enfermos tan especiais que non están ocupando praza nun hospital porque se coidan na súa casa, o que en si supón un aforro para a administración, por iso eran gratuítos.

Por último di que acepta a saída elegante do PP, e a súa proposta de modificar o punto 4ª da moción, pero que o elegante sería dicirlle ao PP “ata aquí chegamos”.

O Sr. Alvela de TEGA di que vai apoiar a moción, porque efectivamente a recadación que se supón vai ser mínima. Entende que os que a redactaron fixérono máis como efecto disuasorio, porque si é certo que a gratuidade total nalgún caso tamén era mal empregada, pero como polo medio existen persoas que sufrirán as consecuencias, están de acordo coa modificación que propón o PP e coa síntese da moción do BNG.

O Pleno con seis votos a favor do BNG, PSdG-PSOE e BNG e seis abstencións do PP, acorda aprobar a moción do BNG coa proposta do PP, quedando a súa parte dispositiva do seguinte xeito:

1º.- Instar á Xunta de Galicia a que demande a derogación da resolución do 10 de setembro de 2013, do Goberno do Estado, pola que se establece un novo copagamento para medicamentos que se dispensan a través das farmacias hospitalarias a persoas doentes crónicas non hospitalizadas.

2º.- Instar á Xunta de Galicia a que non aplique esta resolución no noso país.

3º.- Trasladar este acordo ao Presidente da Xunta de Galicia e ao Presidente do Goberno do Estado.

4º.- Que o concello adapte a actual ordenanza que regula as axudas de emerxencia social á tipoloxía destas axudas que permita o financiamento do copago dos medicamentos hospitalarios a aquelas familias sen recursos que o necesiten”.

3º.- Acordo, se procede, sobre moción do BNG de apoio ás persoas que reciben pensións de estados estranxeiros.

En función do acordado na Comisión Informativa de Asuntos Xerais do día 18 de novembro retírase este punto.

4º.- Acordo, se procede, sobre moción do PSdG-PSOE solicitándolle á Xunta de Galicia que desista da pretensión da suba do canon polo tratamento do lixo na planta de SOGAMA.

Solicítase a declaración de urxencia deste punto que se aproba por unanimidade dos asistentes.

De seguido dáse conta do informe adoptado pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 18 de novembro que di o seguinte:



“Dáse conta da moción presentada polo PSdG-PSOE na que se expón que na Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014 preténdese a revisión do canon unitario de tratamento por tonelada de lixo, a percibir por SOGAMA, pasando de 55,91 euros/tonelada a 74,64 euros/tonelada, máis IVE, o que supón un incremento do 33,5%, xustificando este desmedido incremento na caída das primas estatais que percibe SOGAMA pola valoración enerxética dos residuos, que ten a súa orixe nunha decisión do goberno central.

Sínálase ademais na citada moción, que non resulta comprensible, nin aceptable que unha sociedade, adscrita á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, na que a Xunta de Galicia ten un 51% do seu capital social, se formule nestes momentos de crise a prestación dun servizo público con afán recadador, toda vez que a fin deste incremento non só é conseguir a cobertura do custo do servizo, senón tamén xerar uns beneficios que serían detraídos dos petos dos cidadáns.

A Xunta de Galicia en vez de demandar compensacións ao Goberno Central polos recortes que sufrirá Sogama nas primas pola coxeneración eléctrica, opta por incrementar o canon, obrigando aos concellos a subir o canon que deberán abonar os seus veciños polo tratamento do lixo.

Por todo iso o Grupo Municipal Socialista propón ao Pleno Municipal a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Demandar ao Presidente da Xunta de Galicia a urxente retirada da proposta de incremento do canon por tratamento de residuos, recollida na Disposición Adicional 21ª, dous, do proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014.

2º.- Demandar ao Presidente da Xunta de Galicia e ao Presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias a creación e posta en marcha dunha mesa de negociación, na que, coa presenza e colaboración de SOGAMA, se estuden os custos reais do tratamento de residuos dos concellos.

3º.- Dirixirse a todos os Grupos políticos, con representación no Parlamento de Galicia, a fin de que requiran da Xunta de Galicia a realización dunha auditoría externa (económico, financeira, recursos humanos, produción, medio ambiental, etc) da Sociedade Galega do Medio Ambiente, dando traslado dos seus resultados á totalidade dos concellos que utilicen os seus servizos.

4º.- Demandar do Presidente da Xunta de Galicia que, para o caso de que non se retire a iniciativa da nova tarifa do canon de tratamento de residuos dos orzamentos autonómicos do 2014, o incremento que sufra o mesmo respecto ao do ano 2013 sexa asumido integramente polo Goberno Autonómico, sen repercusión algunha nas transferencias aos concellos”.

O Sr. Cobas do PSdG-PSOE expón que se trata dunha moción de partido, que evidentemente 296 concellos de Galicia están co mesmo problema ca Vedra, que é o incremento do canon do tratamento do lixo debido a unha reforma do Presidente Rajoy do mercado eléctrico, pois loxicamente a produción de Sogama non tapa os gastos que xera.

Sinala que o Presidente de Sogama, don Luís Lamas, afirmou que “es de obligado cumplimiento, pague quien pague”, que van a ser os veciños de Vedra e do resto de Galicia, que teñen que incrementar un 33-34% a tonelada do tratamento do lixo, e que este tema daría para moito debate, que se falou de Lousame e doutras



alternativas, pero o que está claro é que Sogama existe, sácanos o lixo do concello, o problema é que sempre se está co tema dos cartos, facendo fincapé que neste mes de novembro os veciños teñen que pagar o IBI, o lixo, o saneamento, .. E con que se lles incremente un pouco máis, unha persoa que traballe e que teña un soldo medio de 800-1000 euros/mes , ten que destinar gran parte del a pagar impostos.

Di que é curioso que neste país os gobernantes sempre están pensando en reformar leis, sexan de educación, sanidade.... etc, co fácil que sería copiar aos países desenvolvidos , que funcionan perfectamente, poñendo como exemplo a Suíza, onde os pobos con 80.000- 90.000 habitantes teñen un Sogama pequeno, os produtos recíclanos e transfórmanos perfectamente, a única diferenza está na reciclaxe que fan; canto máis reciclan menos pagan , e aquí págase igual recicles ou non, e a diferenza de hai 5 anos cando este concello tiña unha porcentaxe alta de reciclado a día de hoxe considera que cada vez é menor.

Para rematar manifesta que ten que existir unha sublevación do Partido Popular dende abaixo para esixirlle á Xunta de Galicia que asuma ese incremento (6.000.000 de euros), e que independentemente do que se acordara na Fegamp na reunión de hoxe, solicita o apoio do PP e dos restantes grupos.

O Sr. Lema do PP expón que o tema do incremento do canon de Sogama vén dado a través das modificacións que houbo en orixe de electricidade por quitar as primas ás fontes de electricidade renovables, que leva a Sogama a unha situación que non é capaz de cubrir co que se está a achegar agora de canon polo tratamento do lixo.

Di que Sogama é unha iniciativa da Xunta de Galicia, participada nun 51% pola Xunta e o resto por Fenosa, que se encarga da comercialización da electricidade que se xera na incineración, que non aspira a repartir dividendos, aínda que cando gobernou o bipartito si que existiu un reparto de dividendos; pero si pretende que sexa sostible, recordando que a adhesión a Sogama é voluntaria. Este concello, con moi bo criterio, fíxoo no seu momento, que se trata dunha alternativa económica e beneficiosa para os veciños de Vedra, fronte a outras que se estudaron, e así concretamente na de Lousame pola información que se solicitou era máis caro, e ademais tiña outros problemas de xestión en canto a recollida, nº colectores, frecuencia.

Ademais indica que están aquí para que aos veciños de Vedra lle saia a recollida de lixo ao mellor prezo posible, tendo empeño en plans de redución de colector verde, porque canto máis cantidade se leve a Sogama máis se vai pagar de canon, e nun concello rural como o noso a materia pendente é a da compostaxe de residuos sólidos urbanos, que suporá un aforro importante, e niso vanse centrar, anunciando que non lle vai a repercutir aos veciños o incremento do canon de Sogama, senón que o concello vai asumir ese incremento.

Por último indica que o seu grupo vai absterse na votación.

O Sr. Pose do BNG di que Sogama é algo que inventaron, unha catástrofe que se lle está volvendo en contra, porque pode que os veciños paguen menos, pero tamén están a comer as dioxinas do proceso de incineración.

De seguido dá conta dunha serie de datos de Eurostat de media: un 24% recíclase e en Sogama só se fai un 1,5%; un 18% de compostaxe fronte ao 0% que fai Sogama; un 20% queimase fronte ao 51,2% que se queima en Sogama e produce 34.000.000 de toneladas de cinza tóxicas ao ano; o 38% vai a vertedoiro e en Sogama só o 47%, polo que ao seu entender trátase dun invento que calquera día a Unión Europea obriga a pechalo.



Sinala ademais que en canto ao exposto polo Sr. Lema sobre do non reparto de beneficios, di que en 2014 Sogama, segundo datos publicados por ela, ten a intención de obter 10.000.000 de euros de beneficios, e por outra banda están a incrementar o canon aos concellos.

Di que o BNG ten presentado moitas mocións, que leva advertindo dende hai dous anos, e volve advertir do que acontecerá, porque a Unión Europea prohibirá nalgún momento a incineración ou que se financie con diñeiro público, o que é unha auténtica barbaridade, que non se fai en ningún outro país, e que a Xunta deixe de financiar o 50% do custe de incineración, co que se incrementará de novo o canon nun 20% aproximadamente.

Por último manifesta que se trata dunha empresa que incrementou os soldos nun 6% cando no resto das administracións públicas se rebaixaron, e que o BNG vai apoiar a moción, e que lle gustaría que se introducise un novo punto na mesma co sinalado polo voceiro do PP “O Concello de Vedra non repercutirá este incremento no novo canon de Sogama sobre os seus veciños no recibo da taxa de recollida de lixo nin en ningunha outra forma”.

O Sr. Cobas di que con respecto ao indicado polo Sr. Lema sobre da adhesión a Sogama, que naquel momento era si ou si, que incluso o concello formulou facer un vertedoiro na canteira, que incluso se reciclaba e recuperaba parte da Mina, pero a Xunta non o autorizou.

En canto á proposta de que o concello se faga cargo do incremento do canon, di que eses cartos se teñen que detraer doutras nas que se ían empregar, preguntando se esta opción pode afectar á estabilidade económica e ao plan de axuste aprobado polo concello, sinalando que ao seu entender a mellor opción é convencer aos veciños para que reciclen.

O Sr. Alveta de TEGA anuncia o seu voto favorable á moción, expoñendo que lle parece paradoxal que o socio de Sogama que ten o 50% do seu capital que o incrementa para xerar os seus propios beneficios, e que como ben dixo o Alcalde de Lugo, as empresas ás veces invisten e ás veces non lle sae ben.

Di tamén que lle parece ben a moción e que exista algún tipo de acordo de forma que sen ser tan catastrófico, como apuntaba o Sr. Pose, que o concello asuma este incremento, porque no seu día o concello recollía o lixo a custo cero, aínda que daquela non se trataba en Sogama, pero si existían os gastos de camiión e persoal, e se daquela se asumía tamén se poderá asumir hoxe este incremento facendo números.

Posta a votación a moción cun novo punto (5º) proposto polo PP, apróbase con seis votos do PSdG-PSOE, BNG e TEGA e seis abstencións do PP, quedando a súa parte dispositiva redactada do seguinte xeito:

“1º.- Demandar ao Presidente da Xunta de Galicia a urxente retirada da proposta de incremento do canon por tratamento de residuos, recollida na Disposición Adicional 21ª, dous, do proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014.

2º.- Demandar ao Presidente da Xunta de Galicia e ao Presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias a creación e posta en marcha dunha mesa de negociación, na que, coa presenza e colaboración de SOGAMA, se estuden os custos reais do tratamento de residuos dos concellos



3º.- Dirixirse a todos os grupos políticos, con representación no Parlamento de Galicia, a fin de que requiran da Xunta de Galicia a realización dunha auditoría externa (económica, financeira, recursos humanos, produción, medio ambiental, etc) da Sociedade Galega do Medio Ambiente, dándose traslado dos seus resultados á totalidade dos concellos que utilicen os seus servizos.

4º.- Demandar do Presidente da Xunta de Galicia que, para o caso de que non se retire a iniciativa da nova tarifa do canon de tratamento de residuos dos orzamentos autonómicos do 2014, o incremento que sufra o mesmo respecto ao do ano 2013, sexa asumido integramente polo Goberno Autonómico, sen repercusión algunha nas transferencias aos concellos”.

5º.- O Concello de Vedra non repercutirá este incremento no novo canon de Sogama sobre os seus veciños no recibo da taxa de recollida de lixo nin en ningunha outra forma”.

5º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores

--En relación á moción do BNG sobre Sentenza do Tribunal Constitucional do 26 de setembro de 2013 publicada no BOE do 23 de outubro en relación ao recurso de inconstitucionalidade nº 1741/2004 formulado polo Goberno de Aragón contra a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local (LMMGL), que permite o acceso do público ás Xuntas de Goberno local, a todas aquelas nas que se tratan asuntos delegados polo Pleno, igualmente que esixe a publicación das datas, horarios e contidos a tratar das mesmas, para facilitar así o dereito constitucional que todo cidadán ten, a Presidencia di que esa sentenza foille notificada a todos os concellos e evidentemente vaise cumprir.

--En canto ao rogo do BNG sobre do horario da oficina de correos, pola Presidencia dáselle lectura á contestación de correos ao escrito enviado polo Concello, na que din que como calquera servizo público débese buscar a eficiencia de dito servizo debido a que nos meses de verán prodúcese unha diminución da carga de traballo e como consecuencia disto fíxose unha redistribución do traballo entre o persoal que atende o Concello de Vedra, dando a mesma calidade que o resto do ano, prescindindo do horario de atención ao público a mediodía como en anos anteriores, para así seguir dando unha entrega a domicilio eficiente e eficaz, e aumentando o horario de atención ao público pola mañá , pasando de 8:30 a 9:30 a ser de 8:30 -10:00, e isto fíxose facendo un estudo baseándose no número de usuarios que se acercan á oficina de correos para facer as súas xestións, que dende xaneiro a xullo sae unha media de 10 veciños/día, e sobre todo a primeira hora da mañá. En calquera caso di que o horario quedou restablecido dende o 28/10/13.

O Sr. Pose di que iso é unha escusa, pois o certo é que foi porque a persoa encargada da oficina estivo de baixa médica, e non o substituíron, e se volve a coller outra baixa estaremos co mesmo problema, contestándolle a Presidencia que se isto acontece, dende o concello volverase a formular unha reclamación.

--Á pregunta do BNG sobre do Miradorio de Sales, a Presidencia contesta que se lle solicitou nos meses de maio e agosto ao Colexio de Arquitectos de Galicia que informase sobre da existencia de certificacións finais de obra ou renuncia ás mesmas, comunicándonos o 30/09/2013 que non existe nin certificacións nin renuncia, polo que



se van iniciar os trámites para declarar a caducidade das licenzas concedidas e seguir cos trámites que correspondan.

O Sr. Pose do BNG di que o grupo de goberno ten a ferramenta perfecta, posto que se non existe nin certificación final nin renuncia, existe unha responsabilidade de carácter penal en casos extremos se houberse algún accidente, contestándolle a Presidencia que se intentou poñer en contacto cos propietarios, e por un intermediario ao final onde tiñan interese, comunicaron que se se declaraba a caducidade das licenzas, que ben decidido está.

--Polo que respecta á pregunta do BNG sobre dos investimentos levados a cabo cos fondos procedentes do Plan DTC, por parte da Presidencia dáse conta da relación de pequenas obras levadas a cabo co importe do recibido do Plan da Deputación, que en principio se xustificou con gasto corrente para dispor dunha bolsa para poder acometer pequenas obras nas distintas parroquias, que agás erro ou omisión, suman as cantidades que de seguido se relacionan, incluíndo materiais e man de obra, segundo datos facilitados polo técnico correspondente: Colaboración no parque biosaudable de Santa Cruz (11.895 euros) e outras actuacións en Agronovo (2.293 euros); en Ponte Ulla acometeuse a auga no cemiterio parroquial (2.831 euros) e estase a facer un arranxo do camiño que solicitaron os veciños que tamén vai a dar ao cemiterio; En San Mamede fixéronse arranxos no campo de fútbol (9.745 euros); en San Miguel de Sarandón leváronse a cabo arranxos, entubado no campo da festa (4.523 euros) quedando pendente algunha pequena obra tamén no campo da festa; en Vedra a pedimento da AA.VV e da Comisión de Festas fixéronse arranxos no firme do campo da festa (9.143 euros); melloras na piscina municipal (8.494 euros) e no Pavillón e Ximnasio (17.672 euros); se ben o importe total destas dúas últimas obras foi de 28.000 euros pero existía unha subvención. En San Fins de Sales e Illobre fixéronse actuacións na pista polideportiva de San Fins e no entorno do campo da festa de Illobre, por importe de 34.000 euros para as que existía unha subvención de 12.000 euros, polo que a chegada de fondos municipais foi de 21.398 euros. En Trobe fíxose un cuberto que solicitaron os veciños (5.851 euros) e na nave municipal axeitouse un baño e unha zona para lavar o camión de recollida de lixo (6.788 euros). En San Xián comezouse coa licitación, mediante procedemento negociado, da obra de construción de aparcadoiro, cuxo orzamento ascende a 53.313 euros, se ben se solicitaron varias ofertas, algunhas a empresas do concello, e terase que esperar a que se abran as proposicións presentadas para ver o importe de adxudicación da obra. Queda pendente de facer obras en Vilanova, onde se construírá un parque infantil, en San Pedro de Sarandón, onde se farán arranxos no local social que solicitaron os veciños, e en Merín, onde estaba previsto unha pequena obra no palco da festa, pero tamén se comprobou a necesidade de pequenos arranxos no local social, nas beirarrúas e no tellado.

O Sr. Pose solicita que se lle remita esta información por correo para analizala con detemento.

--Á pregunta do PSdG-PSOE sobre das obras levadas a cabo en Tomonde, a Presidencia di que está suficientemente contestada e explicada, só incidir en que non existe ningún convenio formal con Movistar, pero como xa dixo no anterior pleno, “porque seguro que existen máis casos no concello, nos leva a que probablemente sexa unha boa idea formalizar algún tipo de convenio ou acordo con Movistar para buscarlle solucións e solucionar estes casos.”, indicando que teñen un pequeno erro nos datos,



porque o que pagou a familia foi 1.191,84 euros, posto que lle falta por sumar os gastos dos materiais.

--Á pregunta do BNG sobre do que pagan as familias de Santiago polo servizo de comedor escolar e o que pagan as de Vedra, a Presidencia contesta que se trata dunha pregunta demagóxica, á que vai contestar con datos obxectivos. Considera que o mellor para as familias de Vedra é que non tivesen que pagar por este servizo, por iso apoiou a moción presentada no pleno do mes de abril pensando precisamente nas familias de Vedra, e tamén que as familias con nenos/as no C.P.I de Ortigueira non tivesen que pagar tampouco, e niso están a traballar, nin tampouco os das escolas unitarias, e que puidesen gozar deste servizo, que dende logo axuda a conciliar a vida laboral e familiar, e o desexable sería a igualdade de dereitos e servizos independentemente da parroquia na que se viva, e isto non só con este servizo senón con todos os demais.

Sinala ademais que a información dada polo Sr.pose non é toda a que sería precisa, é nesgada , porque non se pode comparar o sistema de Santiago co de Vedra, xa que Santiago ten un sistema que xestiona directamente o Concello (catering) e o CPI de Vedra xestiónao a Xunta con comedor, cociñeiros/as propios, e en Ortigueira xestiónao a ANPA a través dun servizo de catering. O Sr. Pose tampouco di que en Santiago en principio pagan todos 2,95 euros/día, e logo o Concello lle recoñece axudas a un determinado tipo de familias, pero que a nivel proporcional existen moitas máis familias en Santiago que pagan comedor do que pagan en Vedra, e tampouco trouxo outros exemplos como o de Pontevedra, do BNG, que ten establecido un copago de 3,46 euros, onde o concello só axuda con 0,50 euros independentemente do nivel de renda, ou en Lugo, gobernado polo PSdG-PSOE , onde pagan 80 euros, independentemente da renda das familias.

Sinala con respecto ao CPI de Vedra, que dos 335 alumnos, usan o servizo de comedor 316, dos cales 218 (69%) non pagan nada; 22 (7%) pagan 1 euro/día e 16 (5%) pagan 2,5 euros, co que o 81% dos comensais pagan menos que en Santiago, e dos 60 usuarios restantes, 35 pagan por estar fóra da súa zona, e xa pagaban no anterior curso, e 25 (7,9) pagan o máximo polo nivel de renda das familias.

Polo que respecta ao CPI de Ortigueira, xestionado pola ANPA, e que era dos que a Consellería quería xestionar xa neste curso escolar, a propia ANPA decidiu non entrar neste curso porque só garantían o número de comensais nese curso (33), e dábase o paradoxo de que a maior parte dos nenos/as de Santa Cruz utilizarían o servizo de comedor gratis, e os que o están a utilizar na actualidade quedarían sen praza.

Para rematar quere deixar constancia de que dende logo vai seguir traballando para que ningún neno/a de Vedra que precise usar o comedor escolar e non poida pagalo, o concello vai garantirlle este servizo.

O Sr. Pose dille ao Sr. Alcalde que a pregunta formulouna o director no Consello Escolar.

--En canto á pregunta sobre da emisión a través de “streaming” dos plenos, di que falta instalar no salón de plenos ADSL e unha IP, e que en principio no pleno do mes de decembro estará instalado, e sobre da pregunta da baixada de soldos na gardería municipal, di que se lle enviou un escrito á empresa, estando á espera da contestación.

-Ao rogo do Sr. Alvela de TEGA sobre do transformador de Sarandón, di que se fixeron as xestións por escrito para solucionar o problema.



Polo que respecta ao informe solicitado ao Sr. Secretario sobre da reforma da administración local, o Sr. Pose solicita que se lle envíe a todos os membros da corporación.

6º.- Rogos e preguntas

--O Sr. Pose do BNG di que a Xunta de Galicia acaba de renunciar a 12 liñas de autobús do transporte metropolitano. Que pensa facer o concello de Vedra? Que medidas vai tomar? Di que o concello de Teo estuda a vía xudicial ante o recorte do Plan Metropolitano, vai o concello de Vedra botarlle unha man ao Alcalde de Teo?

A Presidencia di que os concellos están a estudar realmente como vai afectar , o que non se vai permitir é que recorten os servizos, de feito existe unha liña de autobús que solicitaron rebaixar a frecuencia e evidentemente presentouse o recurso para opoñerse a isto.

O Sr. Pose solicita que se manteñan informados das accións que se vaian tomando.

--Di tamén o Sr. Pose que a Deputación vén de remitirlle una nota sobre da aprobación dun expediente de modificación de créditos, no que figura unha partida para unha furgoneta con caixa e grúa para Vedra (44.000 euros) e unha senda peonil en San Fins de Sales (54.000 euros) , así como unha partida de 10.000 euros para a Asociación de Viticultores Ulla-Umia para asesoramento e cursos de formación.

Pregunta se isto é así e que criterios se utilizan para ese reparto.

--O Sr. Alvela de TEGA pregunta se non existe algunha posibilidade para que a Deputación non cobre os impostos que están domiciliados no mes de outubro, un mes antes de que remate o prazo voluntario, por iso moitos veciños/as evitan a domiciliación.

A Presidencia di que é un tema a estudar por todos os grupos para buscar a mellor solución para o concello e para os veciños.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e corenta e cinco minutos.